

Proxeccións de poboación a curto prazo. 2024-2039

Resumo de resultados 05/12/2024

Índice

Introdución.....	1
Variación da poboación.....	1
Variables demográficas proxectadas.....	6
Indicadores de envellecemento proxectados.....	8
Anexo.....	12

Introdución


A partir da información proporcionada polas proxeccións a curto prazo elaboradas cada dous anos polo [Instituto Nacional de Estadística \(INE\)](#), o IGE elabora a desagregación territorial das mesmas, ata o nivel de comarcas. Preséntanse neste momento os resultados obtidos para o período 2024-2039, por sexo e grupos quinquenais de idade. A información relativa a poboación está referida ao 1 de xaneiro de cada ano; a relativa aos fenómenos demográficos asociados, como por exemplo os nacementos, as defuncións ou os saldos migratorios, fai referencia a anos completos. Pode consultarse como se calcularon estas proxeccións na [metodoloxía](#).

Variación da poboación

No caso de mantérense as tendencias demográficas actuais, Galicia presentaría un comportamento de crecemento poboacional dende 2024 ata o 1 de xaneiro de 2030, pasando a decrecer entre esa data e a fin da proxección, en 2039; no total do período experimentaríase unha caída do 0,3%.

Variación anual da poboación residente en Galicia

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Proxeccións de poboación ([descarga da táboa](#))

Por provincias, serían as de Lugo e Pontevedra as que manifestarían diminucións máis acusadas, dun 2,6% e 0,6% respectivamente, no período considerado, mentres que na provincia de Ourense a poboación practicamente non variaría e na provincia da Coruña agardaríase un incremento da poboación no período de proxección do 0,5%.

Poboación residente no 1 de xaneiro de cada ano. Galicia e provincias

Unidade: persoas, porcentaxe (%)

Espazo	2024	2039	Taxa de variación
Galicia	2.705.741	2.697.267	-0,3
- A Coruña	1.128.187	1.134.215	0,5




Espazo	2024	2039	Taxa de variación
- Lugo	324.844	316.442	-2,6
- Ourense	304.485	304.538	0,0
- Pontevedra	948.225	942.072	-0,6

Fonte: INE. Proyecciones de población ([descarga da táboa](#))

A diminución da poboación galega explicaríase maioritariamente polo saldo vexetativo negativo no período, que seguiría a tendencia observada nos últimos anos, aínda que cómpre salientar que se espera que tanto nacementos como defuncións experimenten crecementos durante os vindeiros anos. Así, se en 2024 o saldo vexetativo se situaría na cifra de -20.548 persoas, en 2038 proxéctase en -20.253 persoas. Porén, o saldo migratorio en Galicia presentaría signo positivo en todo o período da proxección, acadando o seu valor máximo durante o ano 2024, 28.355 persoas; en 2038 proxéctase un saldo migratorio para Galicia de 14.777 persoas.

SalDOS vexetativo e migratorio proxectados. Galicia

Unidade: persoas



Fonte: INE. Proyecciones de población ([descarga da táboa](#))

Por áreas (agrupación de comarcas), gañarán poboación nos vindeiros anos a Área da Coruña, un 6,6%, Área de Santiago, un 3,7%, Ourense central, un 2,5%, Área de Ourense, un 2,1% e Área de Vigo, un 1,2%. Por outra parte, as que presentarían un maior decrecemento poboacional entre 2024 e 2039 serían as de A Coruña suroriental, cunha diminución do 8,1%, a da Área da Costa da morte, cun decrecemento do 7,9%, a de Ferrol-Eume-Ortega, cun descenso do 5,9%, e a de Lugo oriental, cunha diminución do 5,8%.

Poboación residente no 1 de xaneiro de cada ano. Áreas xeográficas*Unidade: persoas, porcentaxe (%)*

Espazo	2024	2039	Taxa de variación
A Coruña suroriental	63.486	58.348	-8,1
Ferrol-Eume-Ortegal	185.372	174.492	-5,9
Área da Costa da morte	128.604	118.481	-7,9
A Barbanza-Noia	98.442	93.229	-5,3
Área da Coruña	453.766	483.775	6,6
Área de Santiago	198.517	205.890	3,7
Lugo sur	47.172	46.773	-0,8
Lugo oriental	35.917	33.826	-5,8
Lugo central	171.610	168.903	-1,6
A Mariña	70.145	66.940	-4,6
O Carballiño-O Ribeiro	41.507	40.912	-1,4
Ourense central	46.013	47.174	2,5
Ourense sur	72.580	69.100	-4,8
Área de Ourense	144.384	147.352	2,1
Pontevedra nororiental	63.008	60.090	-4,6
Pontevedra sur	105.607	104.141	-1,4
Caldas-O Salnés	144.006	142.386	-1,1
O Morrazo	82.250	79.752	-3,0
Área de Pontevedra	125.120	122.167	-2,4
Área de Vigo	428.233	433.536	1,2


Fonte: IGE. Proxeccións de poboación ([descarga da táboa](#))

Por comarcas, segundo estas estimacións Ortegal perdería case a cuarta parte da súa poboación nos próximos quince anos, cun decrecemento no período do

24,7%. Por outra banda, prevese que varias comarcas gañen máis do 5% de poboación no período considerado: A Coruña, Valdeorras, e Santiago.

Variación da poboación residente entre 2024 e 2039. Comarcas

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Proxeccións de poboación ([descarga da táboa](#))

Variables demográficas proxectadas

A poboación galega presenta valores negativos no seu saldo vexetativo, é dicir, un maior número de defuncións que de nacementos. Para o período de

proxección considerado, entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 1 de xaneiro de 2039, estímase 218.744 nacementos e 523.872 defuncións en Galicia, o que daría lugar a un saldo vexetativo negativo de 305.128 persoas. Por áreas, todas elas presentarían un saldo vexetativo negativo e saldo migratorio positivo no período de proxección.

Nacementos, defuncións, saldo vexetativo e saldo migratorio proxectados para o período 2024-2038. Galicia e áreas xeográficas

Unidade: persoas

Espazo	Nacementos	Defuncións	Saldo vexetativo	Saldo migratorio
Galicia	218.744	523.872	-305.128	296.653
A Coruña suroriental	5.015	13.720	-8.705	3.567
Ferrol-Eume-Ortegal	13.173	40.013	-26.840	15.962
Área da Costa da morte	12.007	29.145	-17.138	7.018
A Barbanza-Noia	9.108	19.049	-9.941	4.729
Área da Coruña	38.618	78.924	-40.306	70.318
Área de Santiago	17.521	32.029	-14.508	21.882
Lugo sur	3.411	12.848	-9.437	9.040
Lugo oriental	2.452	10.105	-7.653	5.564
Lugo central	15.127	35.012	-19.885	17.180
A Mariña	5.168	15.073	-9.905	6.699
O Carballiño-O Ribeiro	2.754	11.952	-9.198	8.605
Ourense central	3.367	12.071	-8.704	9.864
Ourense sur	4.382	20.129	-15.747	12.264
Área de Ourense	11.204	28.570	-17.366	20.332
Pontevedra nororiental	4.120	13.334	-9.214	6.297
Pontevedra sur	8.215	18.142	-9.927	8.465
Caldas-O Salnés	11.248	27.020	-15.772	14.153
O Morrazo	5.777	13.879	-8.102	5.602

Espazo	Nacementos	Defuncións	Saldo vexetativo	Saldo migratorio
Área de Pontevedra	8.820	22.310	-13.490	10.537
Área de Vigo	37.261	70.535	-33.274	38.578

Fonte: IGE. Proxeccións de poboación ([descarga da táboa](#))

Nos próximos anos prevese un aumento do índice sintético de fecundidade en Galicia, que pasaría de 1,00 en 2024 a 1,14 fillos por muller durante o ano 2038.

Índice sintético de fecundidade proxectado. Galicia e provincias

Unidade: fillos por muller

Espazo	2024	2038
Galicia	1,00	1,14
- A Coruña	1,02	1,16
- Lugo	1,09	1,28
- Ourense	0,94	1,12
- Pontevedra	0,97	1,08

Fonte: INE. Proyecciones de población ([descarga da táboa](#))

Indicadores de envellecemento proxectados

A idade media da poboación de Galicia sitúase nos 48,4 anos. O seu valor increméntase ano tras ano e espérase que no 1 de xaneiro de 2039 se sitúe nos 51,4. anos.

Idade media. Galicia e provincias Datos no 1 de xaneiro de cada ano

Unidade: anos

Espazo	2024	2039
Galicia	48,4	51,4
- A Coruña	48,0	50,8
- Lugo	50,5	52,6
- Ourense	51,4	53,5
- Pontevedra	47,1	51,0

Fonte: INE. Proyecciones de población ([descarga da táboa](#))

A partir da información por grupos de idade pódense obter indicadores proxectados como, por exemplo, o índice de envellecemento (relación entre a poboación de 65 e máis anos con respecto á poboación menor de 20 anos) que, de seguir as tendencias actuais, reflectiría un maior envellecemento de zonas xa envellecidas na actualidade.

Índice de envellecemento. Galicia e áreas xeográficas Datos no 1 de xaneiro de cada ano

Unidade: tanto por cento (%)

Espazo	2024	2039
Galicia	173,1	263,0
A Coruña suroriental	207,4	293,7
Ferrol-Eume-Ortegal	203,5	301,1
Área da Costa da morte	228,7	281,8
A Barbanza-Noia	165,0	250,3
Área da Coruña	147,4	228,3
Área de Santiago	135,0	223,1
Lugo sur	301,8	337,2

Espazo	2024	2039
Lugo oriental	337,8	360,4
Lugo central	190,5	256,8
A Mariña	206,3	301,8
O Carballiño-O Ribeiro	326,1	375,7
Ourense central	263,4	314,3
Ourense sur	365,3	408,1
Área de Ourense	176,0	277,6
Pontevedra nororiental	216,2	305,1
Pontevedra sur	154,4	265,6
Caldas-O Salnés	151,6	263,5
O Morrazo	142,0	276,4
Área de Pontevedra	143,2	271,0
Área de Vigo	142,4	237,8

Fonte: IGE. Proxeccións de poboación ([descarga da táboa](#))

Outro indicador que se inclúe nesta publicación é o índice de sobreenvellecemento (proporción de poboación de 85 e máis anos con respecto á poboación de 65 ou máis anos); o seu valor medio para o conxunto de Galicia se incrementará levemente entre 2024 e 2039, pasando do 19,1% ao 19,3% no período. A súa evolución por áreas será dispar; nalgúñas áreas da provincia de Lugo o índice de sobreenvellecemento diminuírá máis de tres puntos; noutras, pola contra, aumentará, coma na Área da Costa da morte ou na Área de Pontevedra onde aumentará 2,6 puntos entre 2024 e 2039.



Índice de sobreenvellecemento. Galicia e áreas xeográficas Datos no 1 de xaneiro de cada ano

Unidade: porcentaxe (%)

Espazo	2024	2039
Galicia	19,1	19,3
A Coruña suroriental	20,7	20,3
Ferrol-Eume-Ortegal	18,8	19,7
Área da Costa da morte	18,7	21,3
A Barbanza-Noia	18,2	18,9
Área da Coruña	17,9	18,3
Área de Santiago	17,4	18,4
Lugo sur	25,2	22,1
Lugo oriental	24,4	21,9
Lugo central	22,2	18,9
A Mariña	19,7	17,6
O Carballiño-O Ribeiro	23,8	24,6
Ourense central	22,6	21,4
Ourense sur	22,7	21,8
Área de Ourense	21,0	21,3
Pontevedra nororiental	22,6	21,6
Pontevedra sur	18,1	17,1
Caldas-O Salnés	17,2	19,3
O Morrazo	15,0	17,0
Área de Pontevedra	17,7	20,3
Área de Vigo	16,4	18,0

Fonte: IGE. Proxeccións de poboación ([descarga da táboa](#))

Anexo

Comarcas que compoñen cada área xeográfica considerada:

- **A Coruña suroriental:** comprende as comarcas de Arzúa, Ordes e Terra de Melide
- **Ferrol-Eume-Ortegal:** comprende as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal
- **Área da Costa da morte:** comprende as comarcas de Bergantiños, Fisterra, Muros, Terra de Soneira e Xallas
- **A Barbanza-Noia:** comprende as comarcas da Barbanza e Noia
- **Área da Coruña:** comprende as comarcas da Coruña e Betanzos
- **Área de Santiago:** comprende as comarcas da Barcala, O Sar e Santiago
- **Lugo sur:** comprende as comarcas de Chantada, Quiroga e Terra de Lemos
- **Lugo oriental:** comprende as comarcas da Fonsagrada, Os Ancares e Sarria
- **Lugo central:** comprende as comarcas da Ulloa, Lugo, Meira e A Terra Chá
- **A Mariña:** comprende as comarcas da Mariña Central, A Mariña Oriental e A Mariña Occidental
- **O Carballiño-O Ribeiro:** comprende as comarcas do Carballiño e O Ribeiro
- **Ourense central:** comprende as comarcas de Allariz e Maceda, Terra de Caldelas, Terra de Trives e Valdeorras
- **Ourense sur:** comprende as comarcas da Limia, Baixa Limia, Terra de Celanova, Verín e Viana
- **Área de Ourense:** comprende a comarca de Ourense
- **Pontevedra nororiental:** comprende as comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes
- **Pontevedra sur:** comprende as comarcas da Paradanta, O Baixo Miño e O Condado
- **Caldas-O Salnés:** comprende as comarcas de Caldas e O Salnés
- **O Morrazo:** comprende a comarca do Morrazo
- **Área de Pontevedra:** comprende a comarca de Pontevedra
- **Área de Vigo:** comprende a comarca de Vigo

Pode consultarse a metodoloxía desta estatística na seguinte ligazón:
https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_proxecciones_poboacion_2024_2039_ga.pdf



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <https://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp?paxina=005006001&idioma=gl>

Teléfono de información: 981 54 15 89 (de 9 a 15:00 h.)

Fax: 981 54 13 23

Sitio web: <https://www.ige.gal>